



Concello do Grove

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Exp.: 2491/2019

Asunto: Segundo exercicio da fase de oposición para a constitución dunha bolsa de emprego temporal. Posto de administrativo/a

Nas dependencias da Secretaría do edificio administrativo do Concello do Grove, sendo as 10:20 h. do día 01.06.2020, reúnense o tribunal cualificador designado mediante Decreto da Alcaldía nº 2020-0086, do procedemento de selección para a constitución dunha bolsa de emprego temporal mediante a creación de listas de agarda (posto de administrativo/a), asistindo os seguintes membros:

Presidencia: Javier López Mera.

Secretaría: María Luz Fernández González.

Vogais:

-Isabel Prieto Prol

-María Carmen Meis Domínguez

-M^a Concepción Fernández-Novoa Valladares (videoconferencia).

Concorrendo o quórum ao que se refire a base núm. 9 da convocatoria, verifícase a válida constitución do tribunal.

1.- Continuación do procedemento de selección.

Despois de declararse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo; mediante Decreto da Alcaldía núm. 2020-0196 do 13.03.2020 dispúxose que o órgano competente, polo tempo imprescindible, suspendera a celebración de probas selectivas que supoñan a concorrencia masiva de persoas.

Neste contexto, tribunal de selección, en sesión telemática realizada o día 16.03.2020, por unanimidade dos presentes, acordou suspender, polo tempo imprescindible, a realización do 2.º exercicio correspondente á fase de oposición, para a constitución dunha bolsa de emprego temporal mediante a creación de listas de agarda (administrativo/a).

Unha vez acordado polo Goberno central medidas de flexibilización do estado de alarma, comezado o proceso de “desescalada” por fases, e tendo en conta o levantamento da suspensión dos prazos administrativos desde o día 1 de xuño.

Tendo en conta o Decreto da Alcaldía do 2020-0346 do 27.05.2020 polo que dispuxéronse medidas organizativas de cara á reanudación da actividade administrativa municipal.

Dada conta do informe subscrito polo secretario municipal, pola interventora accidental, e pola

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 7RJV7VNHQDCAPZCLM2T3CH55F | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Grove

técnico do Departamento de Persoal, no que pon de manifesto a necesidade urxente e inaprazable de cubrir dúas prazas vacantes nos departamentos da Secretaría e dos Servizos Económicos.

Visto que o proceso selectivo non se considera de concorrencia masiva por estar convocados unicamente 19 aspirante, e que se dispón dun local apto para garantir a distancia de seguridade entre os opositores, debéndose adoptar as medidas hixiénicas pertinentes.

Dada conta do anterior, o tribunal de selección, por unanimidade dos presentes **ACORDA:**

Primeiro. Levantar a suspensión acordada na sesión realizada o día 16.03.2020, e determinar a data e o lugar da realización do **2.º exercicio correspondente á fase de oposición**, de conformidade co previsto na base 7ª, así como a convocatoria dos aspirantes que houberen superado o primeiro exercicio:

Data: 11 de xuño de 2020

Hora: 11:00 h

Lugar: Casa da Cultura do Grove (Manuel Lueiro Rey), Rúa Monte da Vila, s/n. CP 36980 O Grove

De acordo co disposto na base 12.º e o Anexo, o segundo exercicio da fase de oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos relacionados co contido do programa, nos que se valorará a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Será cualificado entre cero (0) e dez (10) puntos, necesitándose para a súa superación obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo. Para a realización do exercicio, os opositores deberán presentarse provistos do DNI ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade e bolígrafo azul. Non se permitirá a consulta de textos legais nin empregar calculadora.

Terceiro. No desenvolvemento do exercicio deberán gardarse por todas as persoas concorrentes as seguintes medidas de seguridade:

- Uso obrigatorio de máscaras (se os opositores non dispoñen delas, proporcionaráselles).
- Entrada graduada ao edificio. Para o efecto, os opositores seguirán as instrucións do tribunal e do resto de persoal municipal.
- Disporase de xel desinfectante de mans.
- Os opositores e os membros do tribunal, deben gardar, en todo momento, a distancia interpersoal de 2 metros.

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 7RJV7VNHQDCAPZCLM2T3CH55F | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Grove

Cuarto. Publicar un anuncio coa convocatoria do segundo exercicio, no taboleiro de anuncios (sede electrónica e casa consistorial) e adicionalmente na páxina web do Concello.

Non habendo mais asuntos dos que tratar, polo presidente levantouse a sesión sendo as 10.40 horas, estendéndose posteriormente a presente acta, de todo o que, como secretaria do Tribunal dou fe.

A secretaria do tribunal

Vº e pr. O presidente

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 7RJW7VNHQDCAPZCLM2T3CH55F | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3